

# A Comuniteca

Quizais a historia fora distinta,  
se a contara o lobo



Concello do Porriño



biblioteca  
municipal  
do porriño

i.O.M.I.X.  
Oficina Municipal de  
Información Xuvenil  
Concellería de Xuventude

# A Comuniteca

A comuniteca é unha comunidade construída arredor da biblioteca, dos libros e da lectura. Organizamos este proxecto de animación á lectura para que participen en consunto pais, nais, nenos e nenas (de 0 a 6 anos) do Porriño. A comuniteca desenvolverase a través de catro sesións de animación distintas. Cada día centraremos nun aspecto distinto do mundo da lectura e das historias, e tentaremos que os pais e nais aprendan técnicas e procedementos, mentres que os nenos e nenas se adentren no marabilloso mundo dos libros. Aínda que cada sesión se centrará nun tema distinto, a comuniteca ten un obxectivo común, e culminará cunha actividade final na que porremos en práctica todo o aprendido nas sesións previas.

## IMPORTANTE

A inscrición previa realizarase presencialmente na biblioteca municipal, para as catro sesións en consunto.

14 de  
outubro  
18:30 h

## AS ORIXES DAS HISTORIAS / O CONTACTO COS LIBROS

---

Na primeira sesión trataremos a orixe das historias e dos libros. Veremos os ingredientes esenciais que se usan para contar as historias: os conflitos, os personaxes, os sucesos... E tomaremos un primeiro contacto con elas e cos libros da mellor maneira posible: contando contos.

28 de  
outubro  
18:30 h

## A NOSA HISTORIA: OS PERSONAXES / COMO CONTAR OS CONTOS?

---

Falaremos dos personaxes como elementos constitutivos dos contos, e das distintas maneiras que hai de contar contos. Cada familia escollerá aos protagonistas da súa propia historia, e aproveitaremos para tirar unhas fotos e gardalas para crear máis tarde o noso libro.

1

2

11 de  
novembro  
18:30 h

## A NOSA HISTORIA: OS PERSONAXES / COMO CONTAR OS CONTOS?

---

Ya temos aos personaxes, e agora veremos como facelos actuar. Analizaremos os sucesos, as técnicas para crear unha aventura, e descubriremos como dende case calquera punto de partida podemos construír unha historia marabillosa.

3

25 de  
novembro  
18:30 h

## A EDICIÓN / LENDO XUNTOS

---

Recompilando todo o que aprendimos e fomos construíndo nas sesións anteriores, chegará o momento de abordar como se traslada todo ao papel: o mundo da edición. Falaremos das tipoloxías dos libros, os formatos e deseños, e veremos as posibilidades que temos de ler xuntos, en familia. Nesta última sesión, tamén editaremos o noso propio conto.

4

## UNIDADE

Na comuniteca haberá aprendizaxe, entretemento, diversión e creatividade arredor da lectura, do libro e das historias.

Todas as sesións da comuniteca estarán conectadas e finalizarán coa elaboración dun libro por familia, realizado entre todos e todas, que os levaredes para casa como recordo desta actividade de animación. Queremos que aprendades a crear e contar as vosas propias historias, porque pensamos que o lobo sempre será o malo, se soamente escoitamos a historia por boca de Carapuchiña.



# A Comuniteca

Quizais a historia fora distinta,  
se a contara o lobo

+ info en [www.cultura.net](http://www.cultura.net)



deseño © 3doc



Concello do Porriño



biblioteca  
municipal  
do porriño



O.M.I.X.  
Oficina Municipal de  
Información Xuvenil  
Concellería de Xuventude

A túa  
b i  
b l i  
o t  
e c  
a

